

# Subxuntante deseño

## Poeticamente conmovedor

ROMÁN RAÑA

Non me equivoco se afirmo que, desde que a Academia Galega dedicou o 17 de maio á figura e mais á obra de Lois Pereiro, remexéronse as tranquilas augas do noso sistema literario e a atención de críticos e lectores, mesmo da sociedade civil, centrouse nun membro marginal e marxinado da xeración dos 80. O aluvión de obras dedicadas tanto á súa dramática vida como ao seu talentoso lirismo, confirman sen ningunha dúbida. En case elas todas brillan o entusiasmo e mais a excelencia. E todas desde diversas e plurais perspectivas. O volume que agora nos ocupa, *Lois Pereiro. Breve encontro: un achegamento comiqueiro á biografía do poeta*, eríxese nun dos mellores pola súa asombrosa calidade, polos deseños subxugantes, pola cohesión argumental que exhibe, pola súa intensidade visual. O autor desta fazaña é Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971).

Coñecíamos o labor deste autor de banda deseñada, entre outras, polas súas ilustracións de libros ben diversos (Risco, An Alfaya, Jean Giono). O que agora nos ofrece é dunha calidade artística excepcional. Cada debuxo que acompaña o texto é un tsunami emocional e emocionante. Todo magnificamente estruturado, poeticamente conmovedor. Un fito nos nosos libros máis recentes.

*FERNÁNDEZ SERRANO, J. Lois Pereiro. Breve encontro, Ed. Xunta de Galicia/Xerais, Vigo, 2011, PVP 15 €*

